



**Branca
Trigo**

[Biografía](#) [Libros](#) [Blog](#)
[Contacto](#)

Insomnia, de Luís Valle. O negativo da palabra.

“De tanto ollar a morte

acabará por ter

o teu rostro”

Este é o primeiro poema de *Insomnia*, o fotopoemario de Luís Valle que presentamos hoxe, un libro que circunda a morte ollándoa de esguello. Un libro que, aínda teméndoa, ten presente a morte. Un libro que, como escribe nun dos poemas Luís, “entra na morte a catro patas”.

“Cal é o ser vivo que cando é unha cría anda a catro patas, cando é adulto anda a dúas e cando é ancián anda a tres?”, pregunta a Esfinxe a Edipo baixo ameaza de morte. “O humano” contesta Edipo acertadamente. “Cal é o ser vivo que xamais se ergue por completo, que nace, crece e morre avanzando a gatas?” Preguntámonos lendo *Insomnia*. Somos nós quizais, coa humanidade en dúbida, os ollos sobre a morte arrincados coma un heroe da traxedia grega e “A idade / despoxada /de mañá”.

“De tanto ollar a morte

acabará por ter

o teu rostro”

A mirada é en *Insomnia* un eixo principal, como non podía ser doutra maneira nun libro no que a fotografía ten tanto peso coma o texto. Non sei moito de fotografía, pero si que vou resaltar dúas características das imaxes. A primeira son precisamente os ollos. Desde as páxinas de *Insomnia* ollos brancos coma abismos brancos fan que nos asomemos a un lugar diluído que descansa máis alá do abismo mesmo. Traen os ollos unha morte que se contaxia.

“Vendrá la muerte y tendrá tus ojos”, escribiu Pavese.

“Se miras fixamente o abismo, devolverache a ollada”, escribiu Nietzsche.

Seguindo da man da esfinxe, quero referenciar aquí outro poemario publicado en Malafera, *Trítono*, de Alfredo Vázquez, onde a monstra, sentada comodamente nunha cadeira, pregunta:

“Está mal non tirarte ao abismo que che devolve a ollada?”

A mesma precipitación vertebral o libro de Luís Valle, obra que responde ás preguntas da literatura universal e próxima con outras preguntas, e que, de feito, nos deixa ao final cunha última interrogación:

“Como ler este baleiro?”

E ese foi o desafío ao que me enfrontei ao preparar esta presentación, ao que vos enfrontaredes vós ao entrar no libro. “Como ler este baleiro?” Porque ‘Insomnia’ é un texto de baleiros. O poeta colócase nos recantos escuros do mundo para descifrar esa escuridade, atopando patróns no envés das cousas, no envés dos rostros. A segunda característica das fotografías á que me quero referir é a da imaxe en negativo, e considero que isto é moi relevante porque a poética do abismo que se nos propón é tamén en certa maneira unha poética do negativo. Isto ponse de manifesto por exemplo no poema que propón “Observar con certa indiferenza o inferno” e achega unha sucesión de escenas infernais. En *Insomnia* mírase o inframundo porque non é o mundo. En *Insomnia* mírase a morte porque non é a vida. Constrúese desde ese “non” unha nova realidade, unha morte con rostro de vivir.

Así, no poemario declárase “Amencer nesta hora salvífica, nesta hora para o non.” Porque no desvelo se confunden a vixilia e o sono, a vida e a morte, a fotografía e o negativo. En palabras de Luís:

“Vicios e virtudes

indistinguibles”

A pregunta da esfinxe carece de sentido nun universo poético no que as fronteiras do tempo están en continuo colapso, no que avanzamos pola vida a catro patas, o peito rozando o inferno, no que o abismo dos ollos cae na propia brancura. Citando un verso, “no final musitan os principios”.

O acertixo aquí é outro, e non ten resposta correcta.
Establécese unha pregunta que non é máis que o negativo da
palabra cos ollos secos da insomnia, cos ollos arrincados
do heroe, cos ollos cheos de morte que, malia iso ou xusto
por iso, ven mellor que nunca. E pecho cun poema que di:

“Só desexo ser o mal soño desa palabra que aquí arde”

Leave a comment



Designed with [WordPress](#)